



www.printo.it/pediatric-rheumatology/ES_GL/intro

Febre Reumática e Artrite Reactiva Postestreptocócica

Versión de 2016

3. VIDA COTIÁ

3.1 Como pode afectar a enfermidade á vida cotiá do neno e da súa familia?

Coa atención adecuada e as revisións regulares, a maioría dos nenos con febre reumática levan unha vida normal. Con todo, para os pacientes con cardite e corea, recoméndase o apoio da familia durante os brotes.

A principal preocupación é o cumprimento a longo prazo da prevención con antibióticos. Os servizos de atención primaria deben estar implicados e é necesaria a educación para mellorar o cumprimento do tratamento, especialmente no caso dos adolescentes.

3.2 Que ocorre coa escola?

Durante a fase aguda da enfermidade débese gardar repouso, máxime se existe cardite. Isto interfere, evidentemente coa escolarización e a vida diaria dos nenos. Con todo, unha vez que desaparecen os síntomas, non debe existir ningunha limitación para as actividades cotiás escolares. Os pacientes con corea, presentan maior dificultade para manter un adecuado rendemento escolar. Os familiares, os profesores e os médicos que o atendan, deben estar preparados e informados para axudar o neno durante eses meses.

3.3 Que ocorre cos deportes?

Practicar deportes é un aspecto esencial da vida cotiá dun neno san. Un dos obxectivos do tratamento é permitir que os nenos leven unha vida normal na medida do posible. Tras a fase aguda, na que o neno debe permanecer en repouso, non ten que ter ningunha restrición da súa actividade deportiva, sempre que non exista dano cardíaco que recomende o contrario.

3.4 Que ocorre coa dieta?

Non existen probas de que a dieta poida influír na enfermidade. En xeral, o neno debe gozar dunha dieta equilibrada e normal para a súa idade. Os pacientes que reciben corticoides poden ver aumentado o seu apetito, estes deben evitar comer en exceso.

3.5 Pode influír o clima na evolución da enfermidade?

Non existen probas de que o clima poida influír sobre as manifestacións da enfermidade.

3.6 Pode vacinarse o neno?

O médico deberá decidir que vacinas pode recibir o neno, considerando cada caso de forma individualizada. En xeral, as vacinas non parecen aumentar a actividade da enfermidade e non provocan acontecementos adversos graves nos pacientes. Con todo, polo xeral, deben evitarse as vacinas atenuadas debido ao risco hipotético de indución da infección en pacientes que reciben corticoides a altas doses ou durante períodos prolongados.

3.7 Que ocorre coa vida sexual, o embarazo e a anticoncepción?

Non existen restricións sobre a actividade sexual ou o embarazo como consecuencia da enfermidade. Con todo, todos os pacientes que tomen medicamentos deben ter moito coidado cos posibles efectos sobre o feto. Aconséllase aos pacientes que consulten co seu médico sobre o control da anticoncepción e o embarazo.